



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 24 DE FEBREIRO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00009109B.**

#### **Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

### **2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00050235S.**

**Aprobación do expediente denominado “Servizo de OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo De Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e nun 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN).**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do Servizo de OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e nun 10% pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), e abrir o procedemento de adxudicación correspondente, establecéndose un tipo de licitación de 109.453,88 euros IVE aparte. O IVE (21% da cantidade anterior) ascende a 22.985,31 euros.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de **132.439,19 euros** que se imputará á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 (código de proxecto: 2018 2 TIAGO 27 1 PROXECTO SMARTIAGO)

*Este contrato, ademais de estar cofinanciado pola Axencia Galega de Innovación, está cofinanciado polo FEDER no marco do programa operativo plurirrexional (POPE) 2014-2020 de aí que a empresa adxudicataria deba someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e- aos actos fixados en virtude daquel e ser coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en prol dun desenvolvemento sostible e da mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social así como a igualdade entre homes e mulleres, consonte o disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.*